

6ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 21 de xaneiro de 2020

Lugar: Sala 1, Edificio da Biblioteca e Arquivo, Cidade da Cultura, Santiago de Compostela

Hora de comezo: 9:30 h

Hora de remate: 10:15 h

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Políticas Culturais, presidente
2. Natalia Prieto Viso, directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vicepresidenta
3. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
4. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
5. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia, vogal
7. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal
8. Margarita de la Calle Amaro, analista de Xestión do Rendemento e Calidade da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vogal
9. Esther López Vizcaíno, Instituto Galego de Estatística, vogal suplente
10. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, vogal
11. José Luis Castro Carpintero, técnico de arquivos da Deputación Provincial de Pontevedra, en representación da FEGAMP, vogal
12. Rodrigo Silva Poceiro, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza de Pontevedra, en representación da Dirección Xeral de Xustiza, vogal
13. M^a Aránzazu Portabales Santomé, Intervención Xeral da Xunta de Galicia, vogal

Xustifican a ausencia

1. Pilar Cagiao Vila, profesora titular de H^a Contemporánea da USC, vogal
2. Susana Díaz García, técnica de arquivos do Concello de Foz, en representación da FEGAMP, vogal
3. M^a Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica de Cultura, vogal
4. M^a José García Sexto, en representación da AMTEGA, vogal



Ausentes

1. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, en representación do Consello Galego de Universidades, vogal

Orde do día

1. **Lectura e aprobación da acta da sesión anterior**
2. **Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración local:**

Concello de Ferrol: AL 465: Expedientes xerais de quintas

3. **Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:**

- AA4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria
- AA5059: Expedientes de elaboración de informes en materia de planificación económica e fondos comunitarios para aprobación das bases reguladoras de subvencións
- AA5049: Expedientes dos concursos de traslados do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde
- AA5051: Expedientes de procesos selectivos do persoal funcionario do Sistema Público de Saúde
- AA559: Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos a cargo
- AA1306: Documentos de identificación bovina (DIBs)

4. **Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:**

a) Solicitudes presentadas que contan con Táboas de valoración aprobadas e publicadas no DOG:

- Consellería de Cultura e Turismo: Serie AA260: Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia. Táboa T012, publicada no DOG núm.35, do 19 de febreiro de 2018.

b) Solicitudes presentadas que quedan condicionadas á aprobación das Táboas de valoración e a súa posterior publicación no DOG:

- Consellería de Política Social: Serie AA559: Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos.
- Consellería de Cultura e Turismo:
 - Serie AA559: Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos.
 - Serie AA4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria.
 - Serie AA5059: Expedientes de elaboración de informes en materia de planificación económica e fondos comunitarios para aprobación das bases reguladoras de subvencións





Serie AA5049: Expedientes dos concursos de traslados do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde

- Consellería de Medio Rural. Serie AA1306: Documentos de identificación bovina (DIBs)

5. Rolda de intervencións

Deliberacións

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior

2. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración local

O presidente pasa a palabra a José Luis Castro, que explica o estudo de avaliación documental presentado polo Concello de Ferrol da serie documental AL 465: Expedientes xerais de quintas.

Apróbase a proposta.

3. Informar sobre as propostas de avaliación das seguintes series documentais da Administración autonómica:

Mar García expón as seguintes propostas:

- AA4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria. Aprobada.
- AA5059: Expedientes de elaboración de informes en materia de planificación económica e fondos comunitarios para aprobación das bases reguladoras de subvencións. Aprobada.
- AA5049: Expedientes dos concursos de traslados do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde. Aprobada.
- AA5051: Expedientes de procesos selectivos do persoal funcionario do Sistema Público de Saúde. Aprobada.
- AA559: Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos a cargo.

A representante do IGE non está de acordo coa consideración do valor informativo/histórico como escaso/substancial e a proposta eliminación dos documentos dos últimos anos, xa que se precisan os datos para facer estatísticas.

Mar García responde que os datos non desaparecen, quedan recollidos nunha aplicación e se poden recuperar.

Anxo Lorenzo recalca que os datos seguen existindo. A eliminación da documentación non impide o estudo nin a explotación dos datos que se conservan nas aplicacións de xestión.

Alfonso Cascudo engade que a proposta é de conservación parcial, polo que se conserva a parte xeral do expediente onde consta esa información.

Anxo somete a aprobación. Apróbase coas consideracións do IGE.

Toma a palabra Alfonso Cascudo para explicar a seguinte proposta:



- AA1306: Documentos de identificación bovina (DIBs). Esta proposta xa se presentou no anterior Consello de Avaliación e quedou aprobada condicionada aos cambios propostos polo IGE. Revisouse e ampliouse o estudo.
Apróbase.

4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:

- Apróbase a solicitude de eliminación da serie AA260: Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia. Táboa T012, publicada no DOG núm.35, do 19 de febreiro de 2018.
- En relación ás solicitudes presentadas que quedan condicionadas á aprobación das Táboas neste Consello:

Serie AA559: Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos.

Serie AA4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria.

Serie AA5059: Expedientes de elaboración de informes en materia de planificación económica e fondos comunitarios para aprobación das bases reguladoras de subvencións

Serie AA5049: Expedientes dos concursos de traslados do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde

Serie AA1306: Documentos de identificación bovina (DIBs)

Apróbanse coa observación feita polo IGE en relación á serie documental AA559

5. Rolda de intervencións

Non hai intervencións

Acordos:

- 1. Aprobar a acta da sesión anterior**
- 2. Aprobar os estudos de avaliación e a proposta de selección de series documentais da Administración Local**
 - AL 465: Expedientes xerais de quintas
- 3. Aprobar os estudos de avaliación e as propostas de selección das series documentais da Administración Autonómica**
 - AA4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria.
 - AA5059: Expedientes de elaboración de informes en materia de planificación económica e fondos comunitarios para aprobación das bases reguladoras de subvencións.





- AA5049: Expedientes dos concursos de traslados do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde.
- AA5051: Expedientes de procesos selectivos do persoal funcionario do Sistema Público de Saúde.
- AA559: Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos a cargo, coas consideracións do IGE
- AA1306: Documentos de identificación bovina (DIBs). Esta proposta xa se presentou no anterior Consello de Avaliación e quedou aprobada condicionada aos cambios propostos polo IGE. Revisouse e ampliouse o estudo.

4. Aprobar as propostas de eliminación de documentos:

- AA260: Expedientes de axudas do Fondo de Acción Social para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia. Táboa T012, publicada no DOG núm.35, do 19 de febreiro de 2018.

Apróbanse pero quedan condicionadas á aprobación das Táboas de valoración:

- AA559: Expedientes de prestación por fillas e fillos menores de tres anos, coa consideracións do IGE
- AA4988: Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria.
- AA5059: Expedientes de elaboración de informes en materia de planificación económica e fondos comunitarios para aprobación das bases reguladoras de subvencións
- AA5049: Expedientes dos concursos de traslados do persoal estatutario do Sistema Público de Saúde
- AA1306: Documentos de identificación bovina (DIBs)

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 10:15 horas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente.

Vº e Prace

A secretaria

O presidente,

Mª Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

